

Tarefas de Historia 2º da ESO para facer na semana do 20 ao 25 de abril

Ola alumnas, como retomamos os tarefas despois de Semana Santa. Custou? Ah, que o profe de Historia xa vos axudara a non perder ritmo mandándovos tarefas para as vacacións. Dende logo, que personajillo este.

Bueno, seguimos avanzando coa Idade Media. Agora chegamos ao século XII (tema 6 do libro) e, como imos ver, as cousas van comezar mudar dun xeito moi importante. Por unha banda, imos seguir co feudalismo no mundo rural, pero tamén imos ver como, a partires de agora, as cidades, pouco a pouco, van ir recuperando a súa importancia. Aquela gran importancia que tiveran no mundo antigo (Grecia-Roma). Imos ver como xurde con forza ese grupo social chamada burguesía, adicado fundamentalmente á produción artesana e ao comercio.

Entón, imos facer así:

- Poñemos o título do tema, copiamos a introdución e tamén calcamos o mapa que leva por título principais cidades medievais europeas e principais centros comerciais.
- Copiamos a introdución (o que está en azul) da páxina 112: Por que medraron as cidades?
- Facemos a actividade 1 da páxina 114: Como era unha cidade medieval, c oas súas características.
- Facemos as actividaes 1,2 e 3 da páxina 116 sobre os grupos sociais que nos imos atopar nas cidades medievais.
- Agora imos ler, so ler, Un día no mercado da cidade (páxinas 118 e 119). Non hai que facer as actividades.
- A continuación rematamos coas actividades 2,3, 4 e 5 da páxina 121, que tratan sobre a expansión comercial por toda Europa e tamén polos mares Mediterráneo, Báltico, do Norte e o océano Atlántico (perto da costa, claro).

E isto e todo, amigoas. Xa sei que esta semana mándovos bastantes deberes, pero a explicación é que así vemos toda esta parte do renacemento das cidades e o comercio no seu conxunto. Para a semana que ven so nos quedará por ver a Baixa Idade Media e a súa crise (peste negra, entre outras cousas) e serán moitos menos deberes, fijo!

Espero que pasedes unha boa finde e unha boa semana. Ánimo e a seguir resistindo, champions!!!

Unha aperta solidaria,
David.